



10 Septiembre, 2024

DANI BARREIRO MÚSICO E GUÍA DE DEPORTISTAS PARALÍMPICOS

«A principal diferenza cos Olímpicos é a calidade humana, aprendes moito»

O ciclista carrilexo foi aos Xogos de Atlanta e chegou a rodar con Induráin

RAQUEL COCAÑO, B.C.
 VILAGARCÍA / LA VOZ

Daniel Barreiro Garrido (Carril, Vilagarcía) defínese a si mesmo como unha persoa polifacética. Leva dende os 14 anos subido na bicicleta, mais ten lembranzas anteriores montado nela. Tras probar varios deportes e descubrir que o ciclismo era o que realmente lle apaixonaba, apuntouse ao club de ciclismo de Cambados, pois «en Vilagarcía non había». Alí foi cando empezou a súa historia, pasando por diversas competicións nacionais, internacionais e incluso uns Xogos Paralímpicos. Agora dedícase completamente á música, que sempre estivo presente na súa familia.

—Como foi que decidiu dar o paso de participar nuns Xogos Paralímpicos?

—Eu tiña unha traxectoria bastante boa, dende cadete no ciclismo. Estudando INEF na Coruña, ofrecéronme probar a competir en tándem cunha persoa cega, de guía. Fomos á primeira competición en Cantabria e xa fixemos sétimos, competindo coa elite do ciclismo nacional e, á vez, coa do internacional. Despois dese éxito xa enganchamos e comezamos a competir, entramos na selección española e faciamos as probas nacionais. Despois competimos no *tour* de Bélxica, en campiónatos do mundo e logo en Atlanta. —A día de hoxe fai algunha ruta coa bicicleta ou segue competindo?

—Non. Convidanme a eventos pero téñolle moito respecto, pois vivín unha situación dun atropello no que tiveron que facer a reanimación ata que chegou a am-



Dani Barreiro, diante, nunha das súas actuacións coma guía deportivo paralímpico.

bulancia, pero non saíu adiante. Tras iso vexo a estrada como un perigo. Si que é verdade que cada vez hai máis vías verdes, máis carrís bici, pero aínda dista moito do que é Bélxica ou Holanda. Aquí pouco a pouco vaise avanzando, pero téñolle moito respecto. Vou correr ou vou polas vías verdes, mentres que no monte, se vou, son moi prudente.

—Seguiu os Xogos Olímpicos e Paralímpicos que veñen de rematar en París?

—Si, non coa intensidade de antes, pero sigo algo. Vexo que se profesionalizou un pouco. Aquí a ONCE proporcionou un colchón moi forte a diferenza do resto de países, e por iso o nivel de España é moi alto. E deste ano vin a cerimonia, porque teño a lembranza da inauguración e clausura do 96. Estaba en primeira fila e puíden ver a Liza Minne-

lli, a Aretha Franklin ou a Christopher Reeve. Foi un desfile de artistas tremendo.

—E continúa mantendo contacto co mundo da bicicleta?

—Manteño contacto, pero puntual. Houbo unha época que facía o Camiño de Santiago con Miguel Induráin e outros cos que faciamos un grupo de tándems, pero tamén funme desligando. Si que estou nun grupo de WhatsApp, un de vellas glorias, e noutro no que están persoas que competiron e que seguen a loitar actualmente no panorama nacional, pero é máis difícil reunirse.

—Que lle aportou este mundo?

—Sobre todo, a calidade humana. A principal diferenza dos Paralímpicos cos Olímpicos é a calidade humana. Aprendes moito da persoa coa que participas, da súa forma de enfocar a vida, sobre todo coa idade que tiña. Po-

der aportar un grao de area no desenvolvemento da inclusión e no deporte paralímpico ou axudar como adestrador. Tiñamos 60 persoas que andaban en tándem en toda Galicia.

—E gustaríalle volver á competición?

—Son polifacético. Hai etapas que comezan e acaban. Agora puntualmente fago colaboracións. No Gran Camiño participei de condutor de convidados e fun director deportivo. Pero seguir traballando non me convence. É unha etapa que xa pasou e que gozo.

—Dedícase só á música?

—Son autónomo e dedícome á música. A parte de tocar fago algunha produción. Xurdiu porque a música está vinculada á miña vida dende mozo. Na miña familia cantamos ás alegrías e ás penas.